

CAMPAÑA DE APOIO A HOSTELARÍA E AO COMERCIO LOCAL

I) FINALIDADE E OBXECTO

Unha vez mais e esta vez con maior razón, o Concello de Pontecesures da inicio á presente Campaña “*Pontecesures Próximo*” co fin de promover e incrementar a actividade económica dos pequenos comercios de proximidade e do tecido hostaleiro do municipio e servizos asentados no termo municipal, así como premiar o compromiso e a fidelidade dos seus clientes.

O eixo fundamental da Campaña é a realización do sorteo de premios a trocar nos establecementos adheridos/colaboradores na Campaña, por un importe total de **3.500 €**.



**AGORA MÁIS QUE NUNCA COMPRA EN PONTECESURES.
GAÑAMOS TODOS.**

Campaña de apoio ao comercio, servizos e hostalería locais.

- Porque están preto de ti.
- Son os nosos veciños/as ou familiares.
- Ofrécenche un trato persoal e próximo.
- Colaboran en actividades locais.
- Crean emprego.
- Impulsan a economía local.

II) PREMIOS

O premios consistirán en un lote de produtos valorado en 500€ e 12 vales de compra por valor de 250€ cada un para adquirir produtos e/ou servizos nos establecementos adheridos.

Os premios repartiranse da seguinte maneira:

- Todos os venres con unha periodicidade quincenal levarase a cabo un sorteo de un vale de compra por valor de 250€, que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello. Extraerase o número gañador de entre todas as matrices das papeletas de participación repartidas polos establecementos participantes e previamente entregadas nas oficinas da Casa do Concello o día anterior ao da celebración de cada sorteo antes das 14:00 horas.
- O primeiro sorteo da campaña de promoción terá lugar o vindeiro 4 de Xuño de 2021, e quincenalmente repetiranse os sorteos ate esgotar os 12 premios.
- Ditos sorteos serán públicos ate completar aforo e serán gravados e transmitidos nos diferentes medios de difusión do Concello (web, redes sociais..)
- O sorteo do Lote de Produtos valorado en 500€ realizarase ao remate dos sorteos dos 12 premios que compoñen a campaña promocional e participarán a totalidade das matrices das papeletas repartidas exceptuando aquelas que xa foran premiadas.

III) PROCEDEMENTO

Os establecementos colaboradores recibirán, por parte do Concello, as papeletas de participación, as cales serán entregadas aos clientes que efectúen compras, servizos ou consumicións por valor igual ou superior aos 10€.

As papeletas numeradas disporán de espazo para ser cuñadas e/ou asinadas por cada establecemento a fin de coñecer a procedencia dos futuros premios.

Dende o día seguinte á publicación do número premiado en cada un dos sorteos na páxina web do Concello e nos perfís das redes sociais, os/as agraciados disporán de un prazo de **dez días naturais e inaprazables** para presentar as papeletas gañadoras na Casa do Concello de Pontecesures nun estado que non admita dúbidas sobre a súa autenticidade.

Transcorrido ese prazo sen aparecer un gañador ou gañadora, o premio declararase “deserto” e deberase agardar á celebración do seguinte sorteo.

Calquera papeleta que resultase premiada nun sorteo ordinario ou nun declarado “deserto” non poderá participar nos sucesivos sorteos nin no sorteo do lote final valorado en 500€.

Os/as gañadores/as dos diferentes sorteos estarán obrigados a gastar as cantidades premiadas en establecementos de Pontecesures adheridos á Campaña no prazo de **seis meses** a partires da entrega dos vales.

As papeletas non premiadas nos diferentes sorteos dos vales deberán ser preservadas polos clientes e consumidores, xa que estas servirán para participar no sorteo do Lote de Produtos que porá fin á Campaña e que se rexerá polo mesmo procedemento descrito para os vales.

Os/as gañadores/as non poderán esixir o cambio do premio, nin polo seu valor en diñeiro, nin por un ben ou servizo distinto dos indicados como posibilidade de premio, de modo que o mesmo non será negociable nin transferible.

Os premios estarán suxeitos á normativa fiscal vixente.

IV) ORGANIZACIÓN

O Concello de Pontecesures comprométese a:

- 1.-Organizar e impulsar a Campaña de apoio á hostalería, sector servizos e ao comercio local.
- 2.- Proporcionar aos establecementos colaboradores os materiais e a publicidade necesaria para o desenvolvemento da campaña (carteis, papeletas e difusión en medios).
- 3.- Realizar o seguimento da Campaña e resolver cantas cuestións se expoñan.

V) ESTABLECEMENTOS COLABORADORES

Poderá participar nesta campaña calquera establecemento comercial, de servizos ou hostaleiro situado no termo municipal de Pontecesures.

A solicitude de participación efectuarase mediante modelo normalizado que se xunta como Anexo e que se poderá descargar na páxina web do Concello de Pontecesures ou na Sede Electrónica.

Para poder participar, o titular deberá presentar a solicitude de adhesión (Anexo I) á campaña a través da Sede Electrónica <https://pontecesures.sedelectronica.gal/> ou nas oficinas do Concello en horario de 9 a 14 horas de luns a venres.

O prazo para presentar a solicitude de adhesión a esta campaña estenderase dende o 3 ao 14 de maio de 2021.

Só se poderá presentar unha solicitude por establecemento. A presentación de máis de unha solicitude por establecemento derivará na inadmisión de estas.

A efectos de realización da campaña, o Concello facilitaralles as papeletas de participación e un cartel promocional, que deberán colocar no escaparate do seu establecemento nun lugar visible.

As papeletas de participación serán repartidas proporcionalmente entre todos os establecementos participantes e disporán de espazo suficiente para que os comercios poidan inserir o seu selo ou identificación, a fin de poder dar a coñecer en que comercios se depositaron as participacións agraciadas nos sorteos.

O responsable da actividade deberá entregar participacións a toda persoa que realice consumición ou compra mínima de 10 euros, a criterio de cada comerciante e durante o período que dure a campaña.

Non se poderán entregar papeletas unha vez rematada a campaña.

Os titulares dos establecementos colaboradores comprométense a facer entrega das matrices das papeletas distribuídas nun sobre pechado a persoal municipal no día anterior ao da celebración do sorteo antes das 14h.

Os titulares dos establecementos colaboradores, os seus cónxuxes e familiares directos, así coma os empregados non poderán participar na campaña con participacións do establecemento onde traballan.

Os establecementos participantes estarán obrigados a emitir factura de compra aos clientes premiados para que os mesmos poidan canxear o seu premio a través do Concello.

Os establecementos adheridos comprométense a coñecer e acatar a totalidade do contido nas presentes bases.

VI) DURACIÓN E ÁMBITO

A Campaña dará inicio o día 15 de maio de 2021, data en que os establecementos colaboradores comezarán a repartir as papeletas de participación entre os seus clientes e estenderase ata o momento en que se teñan repartido todos os premios segundo o descrito no apartado III das presentes bases.

O Concello de Pontecesures se reserva o dereito a suspender, adiar, cancelar ou modificar a duración da promoción en calquera momento anterior á súa finalización, sempre que existan causas que así o xustifiquen.

Así mesmo, o Concello de Pontecesures se reserva o dereito a evitar que sobre esta acción se establezan sistemas de especulación ou de negocio. A tal fin poderá exercer as accións administrativas e legais que estime oportunas.

VII) ACTO DE ENTREGA

Unha vez presentada a papeleta gañadora no Concello, o/a agraciado/a será convocado/a ao Acto de Entrega do premio correspondente que, previsiblemente, coincidirá coa data de celebración do sorteo seguinte.

O/a agraciado/a deberá persoarse co seu documento identificativo (DNI, NIE, Pasaporte...), por sí ou autorizando a unha terceira persoa, a fin de retirar o vale agasallo.

O premio entregarase ao/á agraciado/a nas condicións descritas, sen que comporte obriga de realizar ningunha contraprestación adicional ás establecidas nas presentes Bases de conformidade coa lexislación aplicable.

VIII) XUSTIFICACIÓN

As persoas agraciadas con vales deberán aportar ao Concello a documentación seguinte para realizar a xustificación e proceder ao pagamento dos premios:

1. Copia do DNI do/a gañador/a.
2. Certificado de titularidade bancaria.
3. Factura/s acumulada/s da/s compra/s efectuada/s nos establecementos adheridos á Campaña.

O prazo de presentación da xustificación estenderase ate o 31 de Decembro de 2021.

As persoas agraciadas poranse en contacto coas oficinas do Concello de Pontecesures para coñecer as instrucións a seguir no proceso de xustificación dos premios.

IX) OUTRAS DISPOSICIÓNS

O Concello de Pontecesures resérvase o dereito a decidir sobre calquera dúbida non resolta nas presentes bases.

Toda aquela persoa que participe na Campaña, aceptará as bases e someterase ás mesmas en todos os seus apartados.

Coa aceptación de estas bases tanto as/os gañadoras/es así coma os establecementos adheridos consenten expresamente a publicación da súa imaxe nos distintos medios de difusión da campaña.

(ANEXO I)

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA DE APOIO AO COMERCIO, SECTOR SERVIZOS E HOSTALERÍA DE PONTECESURES; "**PONTECESURES PRÓXIMO**".

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS E NOME:

DNI:

TELF.:

DATOS DO ESTABLECEMENTO

SOLICITO

A adhesión do meu establecemento á Campaña de Promoción do Comercio, Sector Servizos e Hostalería locais promovida polo Concello de Pontecesures, "**PONTECESURES PRÓXIMO**" , comprometéndome a colaborar na xestión de esta campaña de acordo coas bases.

Declaro baixo a miña responsabilidade:

- Coñecer as bases da Campaña e acepto o contido das mesmas.
- Que cumpro con todos os requisitos para poder participar establecidos nas bases, especialmente con os que rexen na base quinta.

Firmo a presente en Pontecesures, a ____ de _____ de 2021.